



**Isabel Soto**, nada en Vigo, é licenciada en Filloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. De 1994 a 2002 foi investigadora no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, onde participou en proxectos relacionados coa literatura galega e a teoría e a crítica literaria, actividade que compaxinou con diferentes traballos relacionados coa Literatura Infantil e Xuvenil, tanto no referido á divulgación desta produción coma á investigación e a crítica. Na

actualidade o seu labor profesional céntrase fundamentalmente na edición e a tradución literaria. Leva traducidas, tanto para o galego coma para o castelán, para diferentes editoriais, máis de cento cincuenta títulos dende o francés, o italiano e o portugués. Dende hai dez anos, en colaboración con Xavier Senín, é responsable da versión galega dos álbums da serie Astérix. Traduciu tamén ao castelán obras de escritores galegos como Agustín Fernández Paz, Diego Ameixeiras, Marcos Calveiro ou Xabier Quiroga.